

LIBROS DE TEXTO 2015/16

PRIMEIRO PASO:

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO ADQUIRIDOS CON CARGO ÁS AXUDAS DO CURSO 2014/15.

Todo o alumnado beneficiario das axudas do curso 2014/15, está obrigado a devolver todos os libros de texto e/ou material reutilizable adquirido con cargo ás axudas, unha vez feitos os exames, e **como máximo, o 19 de xuño de 2015** agás o alumnado da ESO que teña algunha materia pendente que será o 4 de setembro de 2015. Os libros a devolver deben estar en bo estado de conservación, de maneira que poidan ser reutilizados.

A falta de devolución, dos libros de texto, será causa de exclusión da participación no Banco de libros (fondo solidario), e da convocatoria de axudas 2015/16.

Ademais, a Consellería poderá iniciar un expediente de reintegro da axuda concedida para todos aqueles casos nos que non conste a devolución dos libros adquiridos co vale.

Quedan excluídos desta devolución o alumnado de 1º e 2º de Ed. Primaria, e o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, cando o material adquirido con cargo ao vale non sexa reutilizable.

SEGUNDO PASO:

CURSAR SOLICITUDE:

- Para os cursos 1º, 2º, 4º e 6º E. Primaria e 1º e 3º de Educación Secundaria: **Axudas para adquisición de libros de texto.**
O prazo de presentación de solicitudes para **educación primaria do 2 de xuño ata o 2 de xullo de 2015.**
O prazo de presentación de solicitudes para **educación secundaria do 25 de xuño ata o 27 de xullo de 2015.**
- Para os cursos 3º e 5º E. Primaria e 2º e 4º de Educación Secundaria: **Banco de libros** (Fondo solidario de libros de texto)
O prazo de presentación de solicitudes para **educación primaria e educación secundaria do 2 de xuño ao 30 de xuño.**

Normativa de axudas: Orde do 22 de maio de 2015 (DOG do 1 de xuño)

Normativa Banco de libros (Fondo solidario): Orde do 21 de maio de 2015 (DOG do 1 de xuño)

Modelos normalizados de solicitudes:

Sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es>

Axudas: Procedemento ED330B

Banco de libros (Fondo solidario): Procedemento ED330D